

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN DE PADRES, PROFESIONALES Y AMIGOS DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL "SPECIAL OLYMPICS GALICIA", PARA O FINANCIAMENTO DUN PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL (PROXECTO XACOBEO) NO EXERCICIO 2022

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa Asociación de Padres, Profesionales y Amigos de Personas con Discapacidad Intelectual Special Olympics Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización e ata o 31 de decembro de 2022. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realice SPECIAL OLYMPICS Galicia dende o 1 de xaneiro de 2022 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuir ao financiamento, por parte da Consellería de Política Social e Xuventude dun programa de promoción da autonomía persoal, Proxecto Xacobeo, no que Special Olympics desenvolve actividades de participación de persoas con discapacidade intelectual no Ano Santo Compostelán 2022.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a axuda financeira recollida no presente convenio terá a condición de subvención directa, xa que Special Olympics desenvolve o proxecto dirixido ás persoas con discapacidade intelectual, co cal se mellora a inclusión deste colectivo na súa contorna social, e a súa integración social. Polo especificade deste proxecto, Special Olympics é a única entidade que conta cos medios para a súa execución, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, as actuacións obxecto do proxecto, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo



ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta no lugar e data da sinatura dixital

